

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2020/5	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	5 de febreiro de 2020
Duración	Desde as 13:45 ata as 13:52 horas
Lugar	SALA DE XUNTAS
Presidida por	Fátima Abal Roma
Secretario	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

ASISTENTES: D. Constantino Cordal Rodríguez, D. Xurxo Charlín Trigo e D^a M^a Cruz Leiro Peña.

Non asiste: D. Samuel Lago Ozón.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión celebrada o día 29-xaneiro-2020 (Expte. XGL/2020/4)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día 29.01.2020.

Dáse conta da omisión na acta da dación en conta da Resolución da Alcaldía do 29.01.2020 que se transcribe,

“Resolución da Alcaldía
Expediente 436/2020

Vista a sentenza 293/2019 ditada polo Xulgado do contencioso-administrativo nº 2 de Pontevedra de 27 de decembro de 2019 pola que se dispón a anulación do acordo do Concello de Cambados de 22 de setembro de 2017 polo que se concedía á entidade Puntos Bajo Coste SL licenza municipal de instalación para suministro de combustible líquido na Rúa Agrolongo.

Tendo en conta a entidade e trascendencia que o citado fallo ten para esta Administración debido a cuantía económica do orzamento da licenza anulada; sendo preciso defender a actuación municipal coa urxencia que leva aparelhada tendo en conta que o prazo para a interposición do antedito recurso de apelación expira o vindeiro 03 de febreiro de 2020 e á vista do informe elaborado polo letrado que se designa na parte resolutiva da presente Resolución e que obra no expediente de referencia.

En uso das competencias atribuídas a esta Alcaldía pola lexislación de réxime local,
RESOLVO:

1. Acordar a interposición de recurso de apelación ante a sentenza do Xulgado do contencioso-administrativo nº 2 de Pontevedra de 27 de decembro de 2019 pola que se dispón a anulación do acordo do Concello de Cambados de 22 de setembro de 2017 polo que se concedía á entidade Puntos Bajo Coste SL licenza municipal de instalación para suministro de combustible líquido na Rúa Agrolongo.

2. Acordar que a dirección letrada sexa levada a cabo polo avogado D. ***** e a representación do Concello pola Procuradora D^a *****

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestalle a súa aprobación coa matización anterior.

2.- Expediente 2115/2019. Corrección erro en Licenza Urbanística de vivenda unifamiliar en Pardiño - Vilariño (Promotor: *)

A Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 27 de novembro de 2019, acordou conceder licenza a * para vivenda unifamiliar en Pardiño – Vilariño.

Advertido erro nas condicións da licenza concretamente onde di, *“As obras executaranse baixo a Dirección Técnica da obra do Arquitecto D. Manuel Rodríguez Fontán”* debería dicir *“As obras executaranse baixo a Dirección Técnica da obra do Arquitecto D. Xosé Xoán Martínez Costa”*

Consta informe do Arquitecto Municipal de 29.01.2020 no que se acredita a concorrencia do erro material anterior.

Visto o artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro que determina que *“As Administracións Públicas poderán, asimesmo, rectificar en calquer momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos, existentes nos seus actos”* a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Rectificar o erro material anterior quedando redactada a licenza municipal da forma que se transcribe,

“7.- Expediente 2115/2019. Licenzas Urbanísticas.- Vivenda unifamiliar en Pardiño - Vilariño (Solicitante: *)

1. PETICIONARIO: *

2. OBXECTO DA OBRA: Vivenda Unifamiliar

3. LUGAR DAS OBRAS: Pardiño (Vilariño)

4. NÚMERO DE EXPEDIENTE: 2115/2019

5. DATA DA SOLICITUDE: 09.05.2019

Consta proxecto básico e de execución redactado polo Arquitecto Xosé Xoán Martínez Costa visado o 28.03.2019

Emitiuse informe do Arquitecto Municipal de 22.10.2019, favorable.
Constan informes do Técnico Municipal de Patrimonio Cultural de 28.10.2019 e 26.11.2019, favorables.

Informe de Secretaría, favorable, de 03.12.2019

De acordo cos informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda,

Conceder licenza municipal de obra maior a * para vivenda unifamiliar no lugar de Pardiño (Vilariño) de acordo co proxecto básico e de execución redactado polo Arquitecto Xoxé Xoán Martínez Costa visado o 28.03.2019

Outros datos do expediente:

- a) Clasificación urbanística do solo: Ordenanza 7 de Solo non urbanizable dos núcleos rurais tradicionais
- b) Orzamento: 38.104,59 €
- c) Ocupación: 14 % < 30%
- d) Parcela: 726 m² > 600 m²
- e) Altura: 3.23 m < 7.00 m
- f) Uso: Vivenda Unifamiliar Illada
- g) Superficie de cesión: 24 m²

Condicións:

Deberá cumprir as seguintes condicións, ademais das xerais que se especifican na correspondente notificación e nas condicións da propia solicitude.

- a) As obras executaranse baixo a Dirección Técnica da obra do Arquitecto D. Xoxé Xoán Martínez Costa .
- b) As obras executaranse baixo a Dirección de Execución do Arquitecto Técnico D. Pablo Castro Feijoo.
- c) A Coordinación de Seguridade e saúde será levado a cabo polo Arquitecto Técnico D. Pablo Castro Feijoo.
- d) Deberá dispor a pé de obra o cartel indicador da Licenza Municipal e técnicos directores, prazo e construtor, usos, ordenanza, data de licenza, prazo de execución e nº de plantas de acordo co Art. 59 da Ordenanza Municipal de Obras.
- e) O inicio queda supeditado á entrega da copia do Padrón del I.A.E. do contratista que execute a obra e a autorización de instalación de grúa, se é necesaria para as obras solicitadas.
- f) Deberá dispor da obra da Licenza e o Proxecto Selado polo Concello a disposición dos funcionarios municipais, para o cal deberá entregar unha segunda copia idéntica á documentación que serviu para a concesión da licenza.
- g) As obras executaranse estritamente ao autorizado, calquera modificación que se realice sobre as obras autorizadas deberán ser obxecto da correspondente autorización municipal, previa á execución das mesmas.
- h) De conformidade co disposto no artigo 145 da Lei 2/2.016 de 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 17 do seu Regulamento de disciplina urbanística, os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras se indican a continuación:
 - * Iniciación, dentro dos 3 seguintes ao outorgamento da licenza
 - * Interrupción máxima de 3 meses, debendo comunicar por escrito ao Concello a súa interrupción e advertindo que con carácter excepcional e por unha soa vez outorgarase prorroga cando se xustifique que a interrupción obedece a motivos de forza maior.
 - * Finalización dentro do prazo de 24 meses seguintes ao outorgamento da licenza.
- i) Ao obxecto de solicitar a prórroga da licenza de obras, esta deberá ser tramitada previa ou simultaneamente ante as administracións que outorgaron autorización.
- j) En todo caso a edificación non poderá ser ocupada ata que as obras estean terminadas completamente, debendo solicitar no seu momento ao Concello a preceptiva Licenza de

Primeira Ocupación ou utilización, anexando o Certificado de Final de Obra, expedido polos directores da mesma, así como si procede, a Acta de Recepción que se outorgase expresamente, ou acreditación da recepción tácita da obra, co fin de que se proceda á comprobación por parte dos servizos técnicos municipais.

k) A conexión aos servizos municipais previamente á súa execución, deberá ser autorizada polo organismo titular do vial ao que da fronte a parcela, executando ditas obras de acordo coas características que indicadas polas empresas responsables de ditos servizos.

l) En caso de ocupar vía pública, deberá solicitar a correspondente autorización do organismo titular do vial.

m) Deberase entregar conxuntamente coa documentación de final de obra para a obtención da Licenza de 1ª Ocupación o Certificado de Eficiencia enerxética de edificio terminado.

n) Deberán cumprirse na execución das obras as determinacións establecidas polo Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia.

o) Deberá formalizarse a correspondente declaración de alta/alteración no Catastro Inmobiliario no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á data de finalización das obras, segundo o dispón o art. del R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o título II del R.D L. 1/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Catastro Inmobiliario.”

3.- Expediente 4594/2019. Comunicación previa.- Instalación de poste de madeira en Rúa Granxa do Conde, 4 (Promotor: Telefónica de España S.A.)

S/Rfª.- 36-8030851

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 05/12/2019, no que se declara completa a documentación presentada.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación previa anterior.

4.- Expediente 4608/2019. Comunicación previa.- Instalación de poste de madeira en Revolta, 15 - Castrelo (Promotor: Telefónica de España S.A.)

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 05/12/2019, no que se declara completa a documentación presentada.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación previa anterior.

5.- Expediente 716/2018. Resolución recurso de reposición expediente declaración perda de eficacia da comunicación previa (Interesada: *)

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- En data 22 de febreiro do 2.018, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Cambados, NRE 1.107, a comunicación previa para a execución de unha construción auxiliar para aperos, no Lugar de Albarelos, termo municipal de Cambados, a instancias de *, con DNI número *.

Dita comunicación previa deu lugar a tramitación do expediente administrativo G. 716/2.018, coas actuacións obrantes ao mesmo.

SEGUNDO.- En data 17 de setembro do 2.019, ten entrada no Rexistro Electrónico do Concello de Cambados, NRE 5.686, escrito procedente da Consellería de Medio

Ambiente, Territorio e Vivenda, "APLU", achegando copia das actuacións practicadas no expediente "ACTUACIONES PREVIAS NÚMERO PON/261/2019", aos efectos, no seu caso, de fundamentar a declaración de perda da eficacia da comunicación previa á que se refire o expediente administrativo G. 716/2.018.

No citado documentoponse en coñecemento do Concello de Cambados que: "As obras non se axustan ás previstas nos planos toda vez que ten dous niveis, dobre folla de cerramento e unha soleira como firme no lugar de zapatas. Asemade, existe material illante ao pé de parcela pendente de colocación". A maior abondamento, no momento da inspección por parte dos técnicos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, estaba presente no lugar o contratista, o cal lles mostrou un plano onde se apreciaba a distribución propia de unha vivenda unifamiliar.

TERCEIRO.- Por Decreto do Concelleiro Delegado de Urbanismo Número 1.171, de data 30 de setembro do 2.019, acordouse incoar expediente sobre declaración de perda da eficacia da comunicación previa para a execución de unha construción auxiliar para aperos, no Lugar de Albarellos, termo municipal de Cambados, tramitada a instancias de *, con DNI número *, EXPEDIENTE 716/2.018.

Dita resolución foi notificada á interesada.

CUARTO.- En data 17 de outubro do 2.019, por parte de *, preséntase no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, escrito de alegacións ao Decreto de incoación, co resultado obrante ao expediente administrativo.

QUINTO.- En data 29 de outubro do 2.019 emítese informe xurídico no que conclúe: Tendo en conta a existencia de omisión, falsidade e inexactitude, de carácter esenciais, nos datos, manifestacións e documentos que se acompañaron e incorporaron á comunicación previa tramitada baixo a referencia G. 716/2.018, a instancias de *, para levar a cabo unha construción para aperos de labranza, cando o certo é que a construción que se está a realizar trátase de unha vivenda unifamiliar, resulta procedente:

1º)- A desestimación das alegacións presentadas por parte de *.

2º)- A declaración de perda da eficacia da comunicación previa para a execución de unha construción auxiliar para aperos, no Lugar de Albarellos, termo municipal de Cambados, tramitada a instancias de *, con DNI número *, EXPEDIENTE 716/2.018.

3º)- A apertura de expediente de restauración da legalidade urbanística, a cuxo efecto haberase de poñer en coñecemento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a resolución en virtude da cal se declare a perda da eficacia da comunicación previa referenciada.

4º)- A declaración da imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de un ano, por parte de *, na finca da súa titularidade sita no termo municipal de Cambados, Lugar de Alvarellos, s/n, con referencias catastrais 36006A018001630000OD, 36006A018001640000OX, e, 36006A018001650000OI, respectivamente.

SEXTO.- Conferido o trámite de audiencia á interesada, a mesma, en data 10 de decembro do 2.019, presenta no Rexistro Xeral do Concello de Cambados, escrito dando cumprimento ao trámite citado co resultado obrante ao expediente administrativo, sen fundamentación xurídica algunha.

SÉTIMO.- En data 11 de decembro do 2.019, por parte da asesoría xurídica emítese informe proposta no que por parte do asesor xurídico municipal se conclue:

"(...), Tendo en conta a existencia de omisión, falsidade e inexactitude, de carácter esenciais, nos datos, manifestacións e documentos que se acompañaron e

incorporaron á comunicación previa tramitada baixo a referencia G. 716/2.018, a instancias de *, para levar a cabo unha construción para aperos de labranza, cando o certo é que a construción que se está a realizar trátase de unha vivenda unifamiliar, resulta procedente:

1º)- *Desestimar as alegacións presentadas.*

2º)- *A declaración de perda da eficacia da comunicación previa para a execución de unha construción auxiliar para aperos, no Lugar de Albarelos, termo municipal de Cambados, tramitada a instancias de *, con DNI número *, EXPEDIENTE 716/2.018.*

3º)- *A apertura de expediente de restauración da legalidade urbanística, a cuxo efecto haberase de poñer en coñecemento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a resolución en virtude da cal se declare a perda da eficacia da comunicación previa referenciada.*

4º)- *A declaración da imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de un ano, por parte de *, na finca da súa titularidade sita no termo municipal de Cambados, Lugar de Alvarelos, s/n, con referencias catastrais 36006A018001630000OD, 36006A018001640000OX, e, 36006A018001650000OI, respectivamente”.*

OITAVO.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Cambados, en data 19 de decembro do 2.019, adoptou entre outros o seguinte acordo: “**ACORDO:**

1º)- *Desestimar as alegacións presentadas por *, a medio de escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Cambados, 10 de decembro do 2.019, NRE 7.966.*

2º)- *Declarar a perda da eficacia da comunicación previa para a execución de unha construción auxiliar para aperos, no Lugar de Albarelos, termo municipal de Cambados, tramitada a instancias de *, con DNI número *, EXPEDIENTE 716/2.018.*

3º)- *A apertura de expediente de restauración da legalidade urbanística, a cuxo efecto haberase de poñer en coñecemento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a resolución en virtude da cal se declare a perda da eficacia da comunicación previa referenciada.*

4º)- *Declarar a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de un ano, por parte de *, na finca da súa titularidade sita no termo municipal de Cambados, Lugar de Alvarelos, s/n, con referencias catastrais 36006A018001630000OD, 36006A018001640000OX, e, 36006A018001650000OI, respectivamente.*

5º)- *Notificar a presente resolución aos interesados xunto co réxime de recursos que proceden contra a mesma.*

6º)- *Dar traslado da presente resolución ao servizo de urbanismo aos efectos do acordado nos apartados 2º e 4º da mesma”.*

Dito acordo foi notificado á interesada, a cal interpuxo contra o mesmo recurso de reposición.

NOVENO.- En data 4 de xaneiro do 2.019, por parte da asesoría xurídica emítese informe xurídico sobre o recurso de reposición, no que se conclúe:

“INFORME DE ASESORÍA JURÍDICA SOBRE RECURSO DE REPOSICIÓN
CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
CAMBADOS, DE DATA 19 DE DECEMBRO DO 2.019.

Don Rafael Riveiro Álvarez, Letrado - Asesor Xurídico do Concello de Cambados, examinado o expediente administrativo tramitado e a vista do contido do mesmo, emito

o seguinte informe xurídico baseado nos seguintes,

ANTECEDENTES

ÚNICO.- Danse por reproducidos os contidos na Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cambados, de data 19 de decembro do 2.019. Decreto notificado a *, en data 15 de xaneiro do 2.020, segundo se desprende do contido do acuse de recibo remitido pola oficina de correos.

Por parte de *, a medio de escrito con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Cambados, 24 de xaneiro do 2.020, NRE 395, presentouse recurso de reposición contra o citado acordo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- A Lexislación aplicable é a seguinte:

- . Lei 39/2.015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- . Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- . Lei 2/2.016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- . Decreto 143/2.016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2.016, de 10 de febreiro do solo de Galicia.
- . Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambados, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, Número 55, de data 20 de marzo do 1.995.

SEGUNDO.- Fundamenta a interesada a súa petición de retroacción do expediente de declaración de perda da eficacia da comunicación previa para a execución de unha construción auxiliar para aperos, no Lugar de Albarelos, termo municipal de Cambados, tramitada a instancias de *, con DNI número *, EXPEDIENTE 716/2.018, nas alegacións que a continuación se citan:

a)- **EDIFICACIÓN QUE CUMPLE TOTALMENTE OS TERMOS DO PROXECTO PARA O QUE FOI REALIZADA A COMUNICACIÓN PREVIA:**

Tal e como se desprende do contido da documentación obrante ao expediente sobre “Actuacións Previas Número PON/261/2.019”, remitido pola “APLU”, lonxe do manifestado por *, atopámonos en presenza de obras cuxo destino final non vai a ser o propio de unha construción auxiliar para aperos. Todo o contrario, estamos en presenza de unha construción illada; construída en dous niveis, (planta alta e soto); de unhas medidas de 9,45 m por 4,43 m; con tipoloxía de vivenda unifamiliar. Así se desprende do contido dos planos do proxecto aportados pola construtora, constando de baño, cociña, salón e habitacións.

Tales obras non están permitidas tendo en conta que a construción atópase dentro do ámbito de influencia da “Ordenanza 10 de conservación e protección das zonas de cultivo e da paisaxe agrícola”, das “Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello de Cambados”.

Polos motivos expostos a primeira das alegacións debe ser rexeitada.

b)- **APERTURA DE EXPEDIENTE DE RESTAURACIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA:**

Por parte do Concello de Cambados, nin se procedeu, nin se vai proceder a apertura de expediente de restauración da legalidade urbanística en relación coas obras executadas as que se refire o presente expediente administrativo, por canto carece de competencia ao atoparnos ante un solo rústico.

O Concello de Cambados, aos efectos de que por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, (órgano competente para a tramitación do correspondente expediente de restauración da legalidade urbanística, no presente suposto), se proceda a apertura de expediente de restauración da legalidade urbanística, o que fai, e poñer en coñecemento de dito organismo autonómico, a resolución en virtude da cal se declarou a perda da eficacia da comunicación previa referenciada.

Polos motivos expostos a segunda das alegacións debe ser rexeitada.

c)- **VULNERACIÓN DO PRINCIPIO DE PROPORCIONALIDADE:**

Alégase infracción do principio de proporcionalidade na imposición da prohibición de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante o período de un ano, e elo con base, única e exclusivamente, na “sencillez constructiva del galpón agrícola de referencia”, sen facer mención algunha á existencia de intencionalidade ou a natureza dos perxuízos causados.

O principio de proporcionalidade desempeña, no ámbito do dereito administrativo sancionador, un papel capital e elo non so en canto expresión de uns abstractos poderes de aplicación da Lei en termos de equidade, senón polo feito concreto de que as sancións a impoñer se atopan definidas no noso ordenamento xurídico, polo xeral, de forma sumamente flexible, de tal modo que unha mesma conduta pode merecer a imposición de sancións moi diversas e que se movan en marxes moi amplos e que, polo mesmo, poidan resultar, na práctica, de contía e período extraordinariamente diversos. O principio de proporcionalidade impón que ao non ser a actividade sancionadora da administración unha actividade discrecional, senón unha actividade típicamente xurídica ou de aplicación das normas, (así o recoñece o Tribunal Supremo en Sentencias de data, 23 de decembro de 1.981, 3 de febreiro de 1984 e 19 de abril de 1985), os factores que han de presidir a súa aplicación estean en función do que dispoña o ordenamento xurídico en cada sector en particular e, moi especialmente, nas circunstancias concorrentes. Neste senso, non pode perderse de vista que a tenor do disposto no artigo 158 do Decreto 143/2.016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2.016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, relativo á “tipificación das infraccións urbanísticas”, establece que: “1. As infraccións urbanísticas se clasifican en moi graves, graves e leves”, engadindo a continuación no seu apartado segundo: “Son infraccións moi graves: b) As obras e actividades realizadas en solo rústico que estean prohibidas pola presente lei e as parcelacións urbanísticas”. Pois ben, tratándose dunha infracción moi grave, a cal podería levar aparellada unha sanción económica cuantiosa, (multa de 60.001 a 1.000.000 de euros), a prohibición de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante o período de un ano, imposta á recorrente, non resulta excesiva, en función dos propios criterios de graduación, intencionalidade e natureza dos perxuízos causados, que de este xeito quedan perfectamente motivados.

É por todo elo, en definitiva, polo que procede desestimar o recurso de reposición formulado de adverso.

E para que así conste emito o presente informe, sen perxuício de calquera outro mellor fundado en dereito”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- A Lexislación aplicable é a seguinte:

- . Lei 39/2.015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- . Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- . Lei 2/2.016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- . Decreto 143/2.016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2.016, de 10 de febreiro do solo de Galicia.
- . Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambados, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, Número 55, de data 20 de marzo do 1.995.

SEGUNDO.- Fundamenta a interesada a súa petición de estimación do recurso de reposición formulado, nas alegacións que a continuación se citan:

a)- **EDIFICACIÓN QUE CUMPLE TOTALMENTE OS TERMOS DO PROXECTO PARA O QUE FOI REALIZADA A COMUNICACIÓN PREVIA:**

Tal e como se desprende do contido da documentación obrante ao expediente sobre “Actuacións Previas Número PON/261/2.019”, remitido pola “APLU”, lonxe do manifestado por *, atopámonos en presenza de obras cuxo destino final non vai a ser o propio de unha construción auxiliar para aperos. Todo o contrario, estamos en presenza de unha construción illada; construída en dous niveis, (planta alta e soto); de unhas medidas de 9,45 m por 4,43 m; con tipoloxía de vivenda unifamiliar. Así se desprende do contido dos planos do proxecto aportados pola construtora, constando de baño, cociña, salón e habitacións.

Tales obras non están permitidas tendo en conta que a construción atópase dentro do ámbito de influencia da “Ordenanza 10 de conservación e protección das zonas de cultivo e da paisaxe agrícola”, das “Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello de Cambados”.

Polos motivos expostos a primeira das alegacións debe ser rexeitada.

b)- **APERTURA DE EXPEDIENTE DE RESTAURACIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA:**

Por parte do Concello de Cambados, nin se procedeu, nin se vai proceder a apertura de expediente de restauración da legalidade urbanística en relación coas obras executadas as que se refire o presente expediente administrativo, por canto carece de competencia ao atoparnos ante un solo rústico.

O Concello de Cambados, aos efectos de que por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, (órgano competente para a tramitación do correspondente expediente de restauración da legalidade urbanística, no presente suposto), se proceda a apertura de expediente de restauración da legalidade urbanística, o que fai, e poñer en coñecemento de dito organismo autonómico, a resolución en virtude da cal se declarou a perda da eficacia da comunicación previa referenciada.

Polos motivos expostos a segunda das alegacións debe ser rexeitada.

c)- **VULNERACIÓN DO PRINCIPIO DE PROPORCIONALIDADE:**

Alégase infracción do principio de proporcionalidade na imposición da prohibición de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante o período de un ano, e elo con base, única e exclusivamente, na “sencillez constructiva del galpón agrícola de referencia”, sen facer mención algunha á existencia de intencionalidade ou a natureza dos perxuízos causados.

O principio de proporcionalidade desempeña, no ámbito do dereito administrativo sancionador, un papel capital e elo non so en canto expresión de uns abstractos poderes de aplicación da Lei en termos de equidade, senón polo feito concreto de que as sancións a impoñer se atopan definidas no noso ordenamento xurídico, polo xeral, de forma sumamente flexible, de tal modo que unha mesma conduta pode merecer a imposición de sancións moi diversas e que se movan en marxes moi amplos e que, polo mesmo, poidan resultar, na práctica, de contía e período extraordinariamente diversos. O principio de proporcionalidade impón que ao non ser a actividade sancionadora da administración unha actividade discrecional, senón unha actividade tipicamente xurídica ou de aplicación das normas, (así o recoñece o Tribunal Supremo en Sentencias de data, 23 de decembro de 1.981, 3 de febreiro de 1984 e 19 de abril de 1985), os factores que han de presidir a súa aplicación estean en función do que dispoña o ordenamento xurídico en cada sector en particular e, moi especialmente, nas circunstancias concorrentes. Neste senso, non pode perderse de vista que a tenor do disposto no artigo 158 do Decreto 143/2.016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2.016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, relativo á “tipificación das infraccións urbanísticas”, establece que: “1. As infraccións urbanísticas se clasifican en moi graves, graves e leves”, engadindo a continuación no seu apartado segundo: “Son infraccións moi graves: b) As obras e actividades realizadas en solo rústico que estean prohibidas pola presente lei e as parcelacións urbanísticas”. Pois ben, tratándose dunha infracción moi grave, a cal podería levar aparellada unha sanción económica cuantiosa, (multa de 60.001 a 1.000.000 de euros), a prohibición de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante o período de un ano, imposta á recorrente, non resulta excesiva, en función dos propios criterios de graduación, intencionalidade e natureza dos perxuízos causados, que de este xeito quedan perfectamente motivados.

É por todo elo, en definitiva, polo que procede desestimar o recurso de reposición formulado de adverso.

TERCEIRO.- De acordo co previsto no artigo 362, relativo á “comprobación dos datos comunicados”, do Decreto 143/2.016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2.016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, en cuxa virtude:

“A inexactitude, falsedade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompaña ou incorpora á comunicación previa conleva, previa audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada dende a notificación da resolución pola que se declare a ineficacia da comunicación efectuada, sen perxuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias as que se refire o apartado anterior, conlevará o inicio das correspondentes actuacións e a exigencia de responsabilidades e poderá determinar o deber da persoa

interesada de restituír a situación xurídica ao punto previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, que non será inferior a tres meses nin superior a un año”.

Tendo en conta a existencia de omisión, falsedade e inexactitude, de carácter esenciais, nos datos, manifestacións e documentos que se acompañaron e incorporaron á comunicación previa tramitada baixo a referencia G. 716/2.018, a instancias de *, para levar a cabo unha construción para aperos de labranza, cando o certo é que a construción que se está a realizar trátase de unha vivenda unifamiliar, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambados, en virtude do previsto na Resolución de Alcaldía de data 8 de xullo do 2.019, en virtude da cal se delegan atribucións da Alcaldía, adopta o seguinte, **ACORDO**:

1º)- **DESESTIMAR O RECURSO DE REPOSICIÓN** formulado por *, contra o Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cambados, de data 19 de decembro do 2.019, confirmando a resolución recorrida en todos os seus extremos.

2º)- Notificar a presente resolución aos interesados xunto co réxime de recursos que proceden contra a mesma.

3º)- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

4º)- Dar traslado da presente resolución ao servizo de urbanismo do Concello de Cambados.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

E non tendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE